Antonio Edelmiro Gato Soengas (1 para 1)
ALCALDE
Data de Sinatura: 21/03/2020
HASH: d2befd467ce397816af7bf2ca3fee3a1

Comunicado para veciños e veciñas de Monterroso

No día de onte, a Traballadora Social do Concello recibiu unha chamada do Concelleiro de servizos sociais comunicándolle que unha traballadora da vivenda comunitaria ía coller a baixa médica dado que o seu marido estaba en corentana, ao estar este en contacto cun compañeiro de traballo, presumiblemente afectado de Coronavirus. Ao mesmo tempo, esta traballadora contacta telefonicamente coa Traballadora Social para facerlle chegar esta información de primeira man e comunicarlle que ía coller a baixa, achegando a mesma ao longo do día, ante a situación de risco que estaba sometida.

Ante esta circunstancia, para o suposto de ter que ser substituída, atopabamos serios problemas incluso coas compañeiras do centro de traballo polo feito de teren que compartir cunha presunta contaxiada polo que o Concello, velando sempre pola saúde dos residentes, das traballadoras e dos veciños, decide suspender temporalmente este servizo ata normalizar unha situación que podía chegar a ser crítica.

Por certo, e afortunadamente, ás poucas horas coñeceuse que o resultado das analíticas foi negativo co que o servizo continúa con normalidade. A ninguén lle cabe na cabeza pechar un servizo que crea no seu día e que cre nel como necesario. Si lle cabe na cabeza melloralo constantemente.

Pero velar pola saúde pública é un deber e unha responsabilidade irrenunciable da alcaldía.

Isto que nunca foi entendido por familiares de determinados usuarios nunha actitude carente de solidariedade co ben común dos cidadáns, tamén foi rexeitada polos partidos PP e PSOE, nun vano intento de botar leña ao lume e atraer algún voto.

No caso de PSOE, máis grave por compartir goberno sen decatarse de que se o alcalde cae tamén eles teñen que seguir ese camiño. A actitude incomprensible como é a do PSOE, a actitude desleal reflectida nunha loita diaria por escalar descaradamente os muros desa alcaldía faltando ás máis mínimas normas de confianza como ben sendo habitual e sobradamente

Cod. Validación: 5CQZELE6H44FFZH74ZGMKJE53 | Corrección: https://monterroso.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 1 a 2

coñecido, que se reflicte no seu portavoz.

Creo que esta situación está a ser un hazmerreir permanente. Denota o PSOE que ten excesiva présa pola alcaldía e adícase a socavar a figura do actual alcalde tratando de reducilo nas súas competencias.

Craso erro, que vai camiño doutros cometidos por esta persoa, que o levaron a perder o poder político en Monterroso. Poida que non se recupere coa deslealdade, coa falta de respecto a diario, a figura do alcalde e cun afán desmedido de poder que producen decisión e poñen en grave risco a coalición gobernante.

A alcaldía, ante estos feitos e outros que se deberán converter en obrigas a plantexar diante da Deputación Provincial, en beneficio dos veciños e veciñas de Monterroso, estudiará no prazo máis breve de tempo o proceder diante de semellante situación e obrará en consecuencia e sempre co interese da institución por diante.

Monterroso, 21 de marzo de 2020

O alcalde

Cod. Validación: 5CQZELE6H44FFZH74ZGMKJE53 | Corrección: https://monterroso.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 2 a 2